

ORTIGUEIRA

BOLETÍN MUNICIPAL

MARZO 2023

www.concellodeortigueira.gal

A humanización do lugar mellorará a súa accesibilidade

O Campo de San Roque, un novo muro para a zona reurbanizada

O Concello de Ortigueira, coa pretensión de mellorar as infraestruturas municipais e os seus equipamentos, substituirá o muro de contención e levará a cabo a urbanización do Campo de San Roque, situado na rúa Manuel Sandomingo. Deste xeito vaise mellorar a accesibilidade conseguindo unha mellor imaxe do parque. Ademais, para mellorar a accesibilidade, instalárase unha rampa de 2,5 metros de ancho, cun pavimento de adoquín de granito enlazando coa zona da prada do mesmo material.



Proxección de como quedaría o espazo do muro de San Roque

INVESTIMENTOS

Renovaremos o CEIP Jose María Lage e melloraremos varios viais

Solicitamos unha subvención de 230.000 euros ao Fondo de Cooperación Local para renovar a climatización do colexio, mellorando a eficiencia enerxética, e adquirir equipamento para o mantemento de diferentes estradas municipais, que en total supón un investimento de 280.698 euros.



Colexio CEIP José María Lage

SEGURIDADE VIAL

Ampliación da ponte sobre o río Baxás en Couzadoiro

O Concello xa iniciou as obras para a ampliación da ponte sobre o río Baxás, na parroquia de Couzadoiro.

Nestes momentos xa adxudicou a redacción do proxecto por valor de 18.08,50 euros.

Veñen de rematarse as sondaxes do estudo xeotécnico que definirá as características da cimentación do novo paso.

O alcalde, Juan Penabad, explica que é moi necesario acometer esta obra de mellora da circulación para que os vehículos circulen en ambos sentidos, sobre todo para os servizos de emerxencias.


CONCELLO

Rebaixamos o recibo de recollida de lixo por terceiro ano

Por terceiro ano consecutivo o Concello de Ortigueira volve a rebaixar o recibo de recollida de residuos aos veciños e veciñas, despois de volver a cumprir coas condicións de Sogama. Neste ano 2023 estímase un aforo de 23.925 euros, o que supón o 5% da cota anual.

Colocación da nova estrutura e renovación do pavimento da praza

Novo muro de contención e reurbanización para o parque do Campo de San Roque



Proxección de como quedaría o espazo do muro de San Roque

A intervención inclúe tamén unha nova rampa de 2,5 metros de ancho para mellorar a accesibilidade

O Goberno local mantén a súa intención de seguir a mellorar os servizos, as infraestruturas e os equipamentos municipais, polo que

vai substituír, nas vindeiras datas, o muro de contención e levará a cabo a urbanización do Campo de San Roque, situado na rúa Manuel Sandomingo. Así, mellorarase a accesibilidade conseguindo unha mellor imaxe do parque.

En dito proxecto, está prevista unha actuación de estabilización do muro para evitar posibles derrubes nun futuro e da insta-

lación dunha escaleira en voladizo que dea acceso desde a rúa Manuel Sandomingo á Praza de San Roque.

O muro aplacarase con mampostos de pedra granítica e ripas do mesmo material para executar unha estrutura de mampostería tradicional.

Ademais, toda a superficie da praza afectada polas obras contará cun novo

pavimento de granito silvestre, engadindo unha nova zona de baldosas e outra con adoquín, executando unha nova rede de recollida e evacuación de augas pluviais e tamén a renovación da iluminación.

Para mellorar a accesibilidade, instalárase unha rampa de 2,5 metros de ancho, cun pavimento de adoquín de granito enlazando coa zona da praza que está revestida co mesmo material.

Por último, na parte superior da plaza executárase un pulido en seco do mesmo, co que eliminarase a pintura existente e se deixará o árido visto para integrar a nova intervención.

Segundo apunta o alcalde, Juan Penabad, “con esta obra imos mellorar un espazo público moi utilizado pola veciñanza, potenciando a súa seguridade e humanizando a súa contorna”.

Ortigueira volverá a rebaixar o recibo da recollida de residuos

Por terceiro ano consecutivo, o Concello de Ortigueira volverá a rebaixarlle á súa veciñanza o recibo da recollida de residuos cumprindo outro ano máis coas condicións de Sogama, entidade pública para o tratamento do lixo.

No pasado ano 2021, o Concello modificou a ordenanza fiscal que regulaba a taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos para incluír unha disposición adicional e poder así optar ás bonificacións de Sogama, co obxectivo de aforrar os recibos das persoas usuarias do servizo.



Nave do Concello no polígono

Nese 2021 efectuouse unha rebaixa de 16.765 euros e que supuxo un aforro do 4% de cada recibo. No ano 2022, o aforro foi de 15.884 euros, unha nova dedución do 4%.

Así, para este 2023 estímase un aforro de 23.925 euros, 5% da cuota anual.

Para acollerse a este canon, o goberno local ten que cumprir dous requisitos; promoción da redución de residuos e/ou incrementar a reciclaxe de envases lixeiros e ter implantada a recollida diferenciada da materia orgánica a través do quinto contedor de cor marrón.

Obras para a mellora da seguridade vial

O Concello inicia o proxecto de ampliación da ponte sobre o Baleo en Baxás

O Concello xa ten en marcha as obras para a ampliación da ponte sobre o río Baleo, situado no lugar de Baxás, na parroquia de Couzadoiro.

Como primeiro paso, acábbase de adjudicar por 18.089,50 euros a redacción do proxecto.

Polo de pronto xa remataron as sondaxes do estudo xeotécnico que definirá as características da cimentación do novo paso.

O alcalde de Ortigueira, Juan Penabad Muras, explica que “é moi necesario acometer esta obra de mellora da circulación xa que a plataforma da pon-

te é tan estreita que, no día a día, xera dificultades aos vehículos para circular en ambos sentidos, algo que ademais podería derivar en consecuencias graves no caso dos vehículos de emerxencias”.

Penabad indica que “coa execución desta obra imos mellorar unha infraestrutura moi utilizada e de carácter básico para a nosa veciñanza” e destaca que “desde o noso equipo de goberno seguiremos traballando para mellorar a prestación de servizos e infraestruturas, tentando equilibrar a calidade de vida das zonas rurais co núcleo máis urbano”.



Juan Penabad ante a ponte sobre o río Baleo

Finaliza o traballo de renovación do mercado municipal



O mercado municipal despois das obras de mellora

A mellora dos exteriores do mercado municipal, que se atopa no centro urbano de Santa Marta de Ortigueira, concluíu a súa renovación.

Limpáronse e pintáronse os laterais da instalación, dando unha nova imaxe mellorada e atractiva a un dos edificios emblemáticos do pobo, que ademais está protexido desde que foi declarado patrimonio histórico-ar-

tístico. Tamén se realizou a reposición e limpeza dos tellados, recolocando os canlóns e restituíndo a pintura da varanda do balcón.

No acceso superior do mercado colocouse unha nova pavimentación, evitando esvaróns, cunha tarima de polietileno e fibras naturais recicladas, facilitando o acceso dos veciños, aumentando a súa seguridade.

Un remanente de 2,2M€ grazas á boa xestión económica

Como resultado dunha moi boa xestión dos recursos públicos durante o exercicio do ano 2022, lograronse uns resultados económicos excelentes ata acadar un remanente de tesourería de 2.235.140,91 euros.

O Concello presenta así unhas contas saneadas e equilibradas, que a 31 de decembro de 2022 presentaba unha débeda de cero euros, despois de reducirla de xeito considerable durante os últimos anos.

Esta é unha probado bo facer por parte do executivo local, que grazas a isto poderá levar a cabo, con fondos propios do remanente de tesourería, investimentos e actuacións que redunden no beneficio de toda a veciñanza do municipio.

Este bo labor tamén

permitiu á Administración local reducir en gran medida o período medio de pago a provedores ata os 28,42 días, colocando ata acadar un remanente de tesourería de 2.235.140,91 euros.

Despois do ano 2022, que foi destacado pola saída do plan de axuste ao que estaba sometido o municipio e limitaba as potenciais inversións por parte da Entidade, Juan Penabad quere destacar a “boa xestión económica que estamos a realizar desde o equipo de Goberno, permitindo renovar infraestruturas de carácter básico, potenciar os investimentos en servizos sociais, mellorar diferentes camiños de titularidade municipal e financiar diferentes actuacións que faciliten o día a día para a nosa veciñanza.

O espazo libre será utilizado para zona verde e ampliar as beirarrúas

A demolición do bloque de vivendas dos mestres, en marcha

O proceso de demolición dun dos bloques das vivendas dos mestres xa está en marcha. A actuación neste bloque de edificios construídos en 1975 que se atopaban nun estado deteriorado permitirán mellorar a humanización da rúa Pedro Casti-

ñeiras, na contorna do CEIP José María Laxe.

O proxecto supón unha inversión de case 91.000 euros para o Concello e permitirá mellorar seguridade dos veciños e ampliar a contorna do colexio.

Con este espazo liberado tras a demolición pro-

cederá a incrementar o espazo verde, as beirarrúas e establecer unha vía máis ampla.

Unha vez remate esta primeira actuación, o goberno local ten previsto demoler o resto dos bloques para ampliar o espazo útil para avexiñanza.



O bloque de vivendas dos mestres.

Máis prazas de aparcadoiro no Malecón e en Devesos

Ortigueira vai habilitar dous espazos públicos para novas zonas de aparcadoiro, unha no Malecón e outra ao carón da igrexa de Devesos.

O Concello iniciou os trámites para adquirir unha finca no Malecón, na parte inferior do cemiterio municipal, xa que cando hai eventos importantes o aparcadoiro da Alameda non é suficiente.

Por outra banda, quérese mercar un terreo privado de 4.793 metros cadrados en Devesos que se destinará a un espazo libre público de aparcadoiro asociado ás instalacións municipais, ao cemiterio e á igrexa para aliviar os problemas de estacionamento que hai nos momentos de maior afluencia, con coches que aparcan na estrada.

Segunda edición desta formación tan demandada

A localidade acolle dous cursos, un forestal e outro sobre agricultura ecolóxica

O Concello pon en marcha a segunda edición do Curso de Agricultura Ecolóxica, de nivel avanzado. Despois de estrear esta formación en 2022, o goberno local pretende darlle continuidade, dado que a agricultura ecolóxica é un sistema de produción agraria e gandeira que proporciona alimentos de máxima calidade a través de técnicas máis respectuosas co medioambiente.

O temario do curso está composto por dez completos bloques que abarcan desde a transcendencia económica, as técnicas, a compostaxe ou a certificación de produtos á gandería e cestería.

Ortigueira tamén está a ser a sede dunha das formacións encadradas no Programa de Emprego Local (PEL) da Deputación, o curso de actividades auxiliares

en conservación e mellora de montes.

Esta formación, que inclúe prácticas en empresas e certificado de profesionalidade, pretende ofrecer un apoio laboral a todas as persoas á hora emprender no sector forestal.



Imaxes do curso de agricultura ecolóxica

Destinaranse 865.000 euros a obras e a aumentar a dotación para políticas sociais

Ortigueira destinará os 865.536 euros do Plan Único a financiar gasto corrente, obras e a incrementar a dotación para políticas sociais.

Destinaranse 411.237 euros a financiamento de gastos e por outro lado destinaranse 334.354 euros á execución de obras de mellora de infraestruturas básicas como a renovación do camiño de Coto ao Salgueirón, o aglomerado dos camiños de San Claudio, Senra, Freires e Cuiña, a renovación do camiño de Coruxo Bello

a Bidueiros e Teixeira, a renovación dos camiños Muíño Novo, O Plantío, a renovación dos camiños de Lavadoiro río Barbos e O Cal a Lavadoiro río Barbos, a renovación do camiño de Cernada, Santaballa, O Covelo a Coruxo Vello e Corvelle e a renovación do camiño da Igrexa de Cuiña a Penouseira.

Ademais, a través do POS Adicional, destinaranse 119.944 euros a axudas de emerxencia ás persoas en risco de exclusión social e a ampliar o servizo de axuda a domicilio.

A alameda de Santa Marta ultima a súa posta a punto como espazo máis accesible



Resultado da actuación na Alameda

A alameda de Santa Marta comeza a súa conta atrás para establecerse como un espazo máis accesible para a veciñanza.

As obras do proxecto de acondicionamento da alameda están en marcha e rematarán nas vindeiras

semanas coa culminación do lugar como un espazo máis adaptado, xa que permitirá eliminar obstáculos e solucionar deficiencias. A renovación dos alcorques e do pavimento ou a instalación dunha zona Wifi gratuita.

Ortigueira volverá a ser sede da nova Universidade sénior

Ortigueira consolídase como sede da Universidade Sénior, un proxecto da Universidade da Coruña para persoas maiores de 50 anos. O municipio acollerá entre abril e maio a terceira edición do Programa de Formación Universitaria Específico para adultos maiores.

O Teatro da Beneficencia será o espazo no que terá lugar a iniciativa educativa, que consta de tres módulos: Patrimonio Social e Cultural, Ciencia e Tecnoloxía e Saúde e Benestar. Así, desde o mércores 19 de abril e ata o 1 de xuño están previstas dúas sesións



Cartaz da Universidade

teóricas ou prácticas á semana impartidas por profesorado da Universidade da Coruña.

O prazo de matrícula é ata o 15 de abril.

Un manifesto e a concentración foron os actos principais do 8 m

A muller foi a protagonista do mes de marzo cun programa que comezou coa inauguración do curso 'Competencias dixitais básicas para o emprendemento'. No acto central de lectura do manifesto e concentración participaron os alumnos do IES de Ortigueira.

Completou o programa a conferencia sobre Tere-

sa de Zúñiga, a cargo de Miguel García Fernández, investigador do Centro de Estudos Padre Sarmiento. E tamén celebraron o encontro de mulleres autónomas e emprendedoras do Ortegaleira, e a exposición 'Abrendares cambiando ou mundo' na residencia Dores Díaz de Dávila.



Concentración e lectura do manifesto



Freires 34



O Ermo 44



44

San Adrián



Máis de 6,5 millóns de euros en investimentos para mellorar a vida da veciñanza de Ortigueira

Realizáronse ou vanse realizar un total de 65 intervencións entre as que están executadas, en proceso, licitadas e proxectadas.

Estas actuacións teñen o obxectivo de mellorar as infraestruturas básicas en todas as parroquias do municipio, coa intención de mellorar a calidade de vida e os servizos públicos da veciñanza.

Estas execucións teñen a firme intención de mellorar o día a día dos veciños e veciñas do municipio e tentar equilibrar a prestación de servizos das zonas rurais coas do centro da vila.

Investimos un total de 6.578.423 euros en realizar actuacións de mellora en pistas, financiar novas obras e crear servizos de calidade que sigan mellorando Ortigueira.



1 REXENERACIÓN PISTAS
SAN ADRIÁN Pena do Vilar · San Andrés
INSUA Pista Castelo
O ERMO Pista O Chao
DEVESOS Pista Gocende
S.S. COUZADOIRO Coruxo Novo · Foxo
LUHIA Cancelo · Barral
SENRA Estr. 862 · Gandara
83.040,88 €

2 REXENERACIÓN PISTAS
FREIRES Barral · Nogueirido
MERA DE RIBA Peroxa · Igrexa Sta. María
CÉLTIGOS Mazorgán
36.398,52 €

3 INSTALACIÓN DE BAIXA TENSIÓN
 Pavillón polideportivo
32.000 €

4 REHABILITACIÓN
ORTIGUEIRA Antigo mercado da Praza de Isabel II
32.985,37 €

5 MELLORA DA ACCESIBILIDADE
ORTIGUEIRA Salón de plenos do Concello
74.923,44 €

6 ILUMINACIÓN
LOIBA Fontela · Ferreiros
ESPASANTE Fabeiro
SENRA Navallo / Taipa
141.629,76 €

7 ACONDICIONAMENTO
ORTIGUEIRA Acceso Norte Residencia de Maiores
51.316,22 €

8 AGLOMERADO
ESPASANTE Gandareiro
AS NEVES Rego dos Sapos
74.389,98 €

9 REPARACIÓN
CUBERTA BIBLIOTECA MUNICIPAL
42.975,20 €

10 ACONDICIONAMENTO
XIMNASIO E PROTECCIÓN DE INCENDIOS NO CEIP X.M LAGE
117.030,04 €

11 ACONDICIONAMENTO
ESPAZOS EXTERIORES DA RESIDENCIA DE MAIORES
84.159,42 €

12 INTERVENCIÓN
ESPAZOS EXTERIORES DO CEIP X.M LAGE
157.258,05 €

13 REPARACIÓN
FACHADAS DO MERCADO MUNICIPAL
45.593,33 €

14 REPARACIÓN
CUBERTAS E FACHADA DO SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO
41.914,46 €

15 REXENERACIÓN PISTAS
S.CLAUDIO Subestación · Carballo de Boi · AC862
LOIBA Ramos · Rosario / A Grela · Portás / A Boca
LADRIDO Agromaior · Xuncal · Igrexa
LUAMA Brandariz
COUZADOIRO Acibido
S.C. COUZADOIRO Corbelle · Viduido
FREIRES Meixido · AC101
AS NEVES Vilariño · Corvite
O ERMO Supenido · Suariba · Casavella
DEVESOS Pontellas
MERA Torrente
MERA DE RIBA Pumariño · Vilar
241.977,29 €

16 RENOVACIÓN
CUBERTAS DO CENTRO SOCIAL O VISO
38.943,57 €

17 AGLOMERADO
SAN ADRIÁN Calvario · Igrexario · Catadoira
31.552,27 €

18 ABASTECIMENTO
ORTIGUEIRA Mellora da rede de abastecemento de auga do núcleo urbano
173.345,75 €

19 AGLOMERADO
ESPASANTE AC862 · Fabeiro
LADRIDO Acceso cemiterio
S.S. COUZADOIRO Acceso Coruxo · Acceso Corbelle
104.107,78 €

20 REMODELACIÓN
ORTIGUEIRA Alameda
59.591,23 €

21 REHABILITACIÓN
ORTIGUEIRA Biblioteca
210.902,64 €

22 RENOVACIÓN
ESPASANTE Miradoiro
113.784,12 €

23 AGLOMERADO
SAN ADRIÁN Peago · Miñeixa
73.082,04 €

24 AGLOMERADO
LUAMA Cortiñadona · Mourouzos
CUIÑA A Rúa · Camporrozado
82.990,62 €

25 AGLOMERADO
O VISO Centro social · Oldar
BALEO Estr. Deputación · Pontevella / Estr. Deputación · Areosa
57.196,40 €

26 REXENERACIÓN PISTAS
MOSTEIRO Landín
BALEO Areosa · Xilfonxe
36.140 €

27 REMODELACIÓN
ESPASANTE Praza de San Antón e contorna
198.576,25 €

28 REPARACIÓN
CUBERTAS DA CASA DO CONCELLO
94.124,76 €

29 AGLOMERADO
LUAMA Carmona · Brandariz
CUIÑA Cemiterio · A Rúa
SAN CLAUDIO Bodeguiña · Barreiros
SAN ADRIÁN Acceso Pena do Vilar
AS NEVES Contorna da Igrexa
115.174,09 €

30 REXENERACIÓN PISTAS
LOIBA Estr. Deputación · Furnas
CELTIGOS Estr. Deputación · Espasante
ESPASANTE O Porto · Outeiro / Acceso Penaquente
CUIÑA Barral
O ERMO Caneiro · Límite Concello Cerdido
AS NEVES Caxigueira Abaixo
SAN CLAUDIO Barreiros · Axilde
SAN ADRIÁN Fabás · Límite Concello Cariño / Eescolar · Mixeiña
70.210 €

31 MELLORA
ORTIGUEIRA Melloras no Pavillón Polideportivo Municipal
39.623,96 €

32 REXENERACIÓN PISTAS
DEVESOS Acibeiro · Portas / Cotón
MERA DE RIBA Viaducto
LUAMA O Rego
CUIÑA Concello de Acó · Barral
SENRA Riomaioir · Os Canavás
SAN CLAUDIO Chaelo
130.818,28 €

33 AGLOMERADO
DEVESOS AC101 · O Casón / Cotón · Límite Mañón
AS NEVES Toxeiro
INSUA Pimpín · Cascastro
93.278,59 €

34 AGLOMERADO
AS NEVES Portoseco
FREIRES Salgueirón
INSUA Igrexa · Ameixeiras · Veiga / DP4906 · O Silvao
94.300 €

35 ILUMINACIÓN
ESPASANTE Mellora da iluminación no núcleo
55.281,27 €

36 ILUMINACIÓN
 Mellora da iluminación da Avda. Escola de Gaitas
34.129 €

37 PISCINA MUNICIPAL
 Cubertas piscina municipal
69.000 €

38 AGLOMERADO
LADRIDO O Campo · Gandareiro / Os Castros · Can-celas / Outeiro · Vilacoba
140.613,59 €

39 SANEAMENTO
PEAGO Saneamento
142.308,26 €

40 SANEAMENTO
CUIÑA Saneamento
393.230,07 €

41 AGLOMERADO
DEVESOS Penavide
84.947 €

42 AGLOMERADO
DEVESOS Lombao · O Castro
62.738 €

43 ILUMINACIÓN
BALEO / MERA DE ABAIXO / SENRA
128.574 €

44 AGLOMERADO
VISO Figueiras · Garita · Cal
LOIBA Loureiros
LADRIDO Barbeita
COUZADOIRO Vilar · Casas / Cernada
SAN ADRIÁN San Andrés
MERA Viaducto · Vilar
SAN CLAUDIO Faxín · Seixo
ERMO Escalo de Baixo
AS NEVES Monteiro
AS NEVES A Serra
INSUA Mogallón / Escoceses
SENRA Vilarnovo / Gallupa / Barral / Sortella
386.590,02 €

45 DEMOLICIÓN
ORTIGUEIRA Demolición do edificio profesores CEIP Xosé M. Lage
91.000 €

46 MELLORA DE CAMIÑOS
ERMO Vidueira
INSUA Landido
SAN CLAUDIO Vilarmor
136.442,02 €

47 AGLOMERADO
LOIBA Estr. Deputación · Fontela · Ferreiros / Igrexa · Outeiro / Lamacido
MERA DE RIBA Igrexa Sta. María - Zapateiro
65.229,84 €

48 ILUMINACIÓN
ESPASANTE Ampliación da iluminación do porto
18.000 €

49 ILUMINACIÓN
LADRIDO Iluminación Por-madeira
18.000 €

50 ILUMINACIÓN
 Iluminación interior do Mercado Municipal
6.000 €

51 AGLOMERADO
DEVESOS Cabradoiro / Couce das Taugas / Barral / Cotoe Cabanas
AS NEVES Casavella / Gonzalvo
COUZADOIRO Castelo / Braelle / Acceso Igrexa S. Cristóbal
LADRIDO Campo da Silva
ESPASANTE / CELTIGOS / GILIFONXE
271.038,90 €

52 ACONDICIONAMENTO
ORTIGUEIRA E ESPASANTE Acondicionamento de rúas, berirarrúas e elementos de seguridade vial e información nos núcleos urbanos
100.960 €

53 REXENERACIÓN PISTAS
INSUA San Miguel · Deveso
ERMO Iglesiasario · Ramil
CÉLTIGOS Leira · Birixela · Fonte
LOIBA Feira · Xiloi · Aroxo
COUZADOIRO Xorres
SAN CLAUDIO Aglomerado Bodeguiña · Sixto · Rocha
292.521,17 €

54 MELLORA DE CAMIÑOS
LOIBA Muíño Novo
ESPASANTE Plantío
53.621 €

55 MELLORA DE CAMIÑOS
BARBOS Lavadero e Cal Lavadero
56.292 €

56 MELLORA DE CAMIÑOS
CUIÑA Igrexa, Penaoseira
39.590 €

57 MELLORA DE CAMIÑOS
COUZADOIRO Cernada, Santaballa, Covelo-Coruxo Vello, Corvelle
160.088 €

58 MELLORA DE CAMIÑOS
COUZADOIRO Coruxo Vello-Bidueiros, Teixeira
62.777 €

59 ACONDICIONAMENTO
INTERIOR VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL SAN CLAUDIO
106.548 €

60 MELLORA DE CAMIÑOS
FREIRES O Coto – Salgueirón
101.835 €

61 AGLOMERADO
IGREXA SAN ADRIÁN
31.352 €

62 XENERACIÓN
ORTIGUEIRA Proxecto actuación Muro de San Roque
15.000 €

63 RENOVACIÓN
ALBERGUE ESCOLAR DE LOIBA

64 AGLOMERADO
GOCENDE ARRIBA Penavide
113.361 €

65 AGLOMERADO
DEVESOS Cabradoiro, Couce das Taugas, Barral, Cotoe e Cabanas
AS NEVES Casavella, Gonzalvo
COUZADOIRO Castelo, Braelle, Igrexa San Cristóbal
LADRIDO Campo da Silva, Espasante, Céltigos e Gilifonxe
271.038 €

Próxima cita, a Festa da Xuventude na Alameda

Gran éxito de público nas actividades deportivas e culturais no que vai de 2023

Durante todo o ano, a localidade concentra centos de persoas para participar nas distintas actividades programadas e que outro ano máis contaron cun gran éxito de público.

Celebrouse en marzo a VI edición do **Son Cervexeiro**, que organizan a Escola de Gaitas de Ortigueira e o Concello en colaboración co colectivo gastronómico Ortigueira ENTRE Fogones. Foi unha xornada chea de música e festa que contou como novidade cos Cantos de Taberna.

Gran participación un ano máis no **desfile de Entroido**, no que se repartiron cuantiosos premios ante unha gran orixinalidade no deseño. Tres días de festas nos que houbo programa para todos os gustos e idades.

Por sexto ano consecutivo celebrouse en Ortigueira a **Carreira de Montaña Montes de Couzadoiro** para tres modalidades, trail longo, curto e andaina. Moita participación neste evento deportivo, un dos máis esixentes.

Tamén en marzo, Ortigueira acolleu a primeira edición da **Ruta Turística Vila de Ortigueira**, organizada pola Escudería Acap das Pontes e puntuable para o Open de Rutas Turísticas de Ferrolterra.

A piques de acabar o mes de marzo a Asociación Cabaleiros do Ortegaleira organizou a **Xuntaza Cabalar 2023** no polígono da Rega de Ortigueira. Tratouse dunha xornada na que se gouzou da ruta cabalar, sesión vermú, comida, carreiras, grandes premios e moita festa.

O 21 de marzo, conmemorando o **Día da Árbore**, celebrouse un acto xunto co CEIP José María Lage, o instituto e o Centro de Maiores.



Cantos de Taberna no Son Cervexeiro (á esquerda) e un dos disfraces de máis éxito do Entroido



Fotos da Xuntanza Cabalar



Un momento do Trail Montes de Couzadoiro e o o acto do Día da Árbore

“Escoita Ás Estrelas” é o lema do cartel oficial para este ano

O Festival de Ortigueira terá lugar do 9 ao 16 de xullo e conta coas primeiras confirmacións



Presentación do Festival

O Festival de Ortigueira xa ten cartel e presentou un avance do programa que se desenvolverá entre o 9 e o 16 de xullo, a primeira cita tras conseguir o galardón de Mellor Festival de Galicia nos últimos Premios Martín Códax da Música.

Polo momento, a organi-

zación avanzou algúns dos grupos e artistas que estarán presentes nesta edición de 2023, como Algairre, Anxo Lorenzo e Eoghan Neff, David Bellas, Escola de Gaitas de Ortigueira, Felpeyu, Fetén Fetén con P. Pascual, Four Men and a Dog, Holiday Club, JDC, Le Vent du Nord, Rubén Díaz,

Rura, SonDeSeu, Startijenn, Talisk, Trikitrí, Xabier Díaz, Xisco Feijoó, Xurxo Fernandes e moitos máis.

Nesta nova edición a súa filosofía de evento gratuito e aberto a públicos de varias xeracións. Esta forma de entender a música e o festival quedou reflectida no cartel deste ano. Baixo o slogan #EscoitaÁsEstre-

Ortigueira logrou o galardón de Mellor Festival de Galicia nos últimos premios Martín Códax

las as oito nacións celtas, Galicia, Asturias, Escocia, Irlanda, Bretaña, Gales, Cornualles e a Illa de Man, aparecen no cartel representadas coas constelacións rodeando un mundo onde as árbores do piñeiral son os músicos. A autora, Bea Luengo explicou que quixo plasmar un es-

pazo onde estar xuntos e compartir as nosas diversas voces, de volver ás nosas raíces, á unión á natureza e a crear arte para ampliar o noso mundo con alegría e amor.

O alcalde confirmou que manterá a duración de 8 días, que se ampliou o ano pasado e felicitou á Escola de Gaitas, que será de novo o pilar fundamental desta edición do Festival.



Cartel da edición 2023

O barítono Borja Quiza encandilou ao público local coa súa actuación durante as festas de Nadal no Teatro da Beneficencia

O Teatro da Beneficencia acolleu como colofón do ano, o concerto 'A emigración Galega. Cancións de ida e volta', do barítono ortigueirés Borja Quiza, quen actuou xunto a Fernando L. Briones.

O artista encandilou ao seu público unha vez máis e Juan Penabad Muras, filloles entrega dun agasallo.

Os espectadores e as espectadoras puideron gozar dunha viaxe musical coa que percorreron Galicia, Cuba, Arxentina e México.



Unha imaxe do concerto, á esquerda, e a entrega do agasallo ao artista de mans do alcalde



O antigo escolar de Loiba será o primeiro albergue do Camiño Natural do Cantábrico

Utilizaranse fondos da Transición Xusta

O escolar de Loiba acollerá o primeiro albergue do Camiño Natural do Cantábrico

A escola unitaria de Loiba, que pechou as súas portas no ano 2015, terá unha nova vida como albergue de peregrinos.

O Concello de Ortigueira aposta por esta infraestrutura para ser o primeiro albergue da comarca dentro do Camiño Natural da Ruta do Cantábrico.

O proxecto ten un orzamento de 759.000 euros, que correrán ao cargo dos fondos que aportará o Instituto da Transición Xusta.

Esta transformación persegue un dobre obxectivo. Por unha banda darase unha nova vida a unha construción existente que tivo unha gran historia na vila e, pola outra, potencia o turismo máis aló dos núcleos urbanos.

O edificio conta con 442 metros cadrados na súa planta baixa e outros 188 no baixocuberta.

Tamén terá unha dobre finalidade, xa que tamén se convertera nun centro sociocultural para uso dos veciños da parroquia.

Pechado no ano 2015, o inmovible está nun avanza-

do estado de deterioro polo que será necesario a súa rehabilitación case que integral aínda que se conservará a volumetría orixinal.

Segundo o proxecto, o novo local contará con servizo de cafetería e restauración, que irán na pranta baixa. Ademais haberá cociña, almacén, aseos, unha sala, un dormitorio individual e un común, ademais dun salón social con vestidores e aulas.

No baixocuberta habilitarase máis espazo de hospedaxe e tamén de almacén.

Hoxe en día este edificio,

que foi levantado no ano 1940, goza de protección patrimonial pola súa singular arquitectura. Ademais, non sufriu reformas importantes, aínda que si se fixeron algúns cambios contrarios ao criterio arquitectónico, que serán reparados.

Ademais dos cambios estéticos, o edificio contará tamén con outros servizos como conexión wifi gratuita du-

rante 6 horas e ordenadores con conexión a internet e impresora.



Conta con 442 metros cadrados na planta baixa e 188 no baixocuberta